

## 1. PUNTOS DE ACCESO DE INSTITUCIÓN

### 1.1. Introducción

Este capítulo ten como obxectivos: achegar, por unha banda, regras e/ou recomendacións para a elaboración de puntos de acceso normalizados de institucións, designadas como *Forma(s) autorizada(s) do nome*, e facilitar, por outra banda, determinadas regras e/ou recomendacións para a formalización doutros elementos ou compoñentes estruturais dos rexistros de autoridades de institucións

### 1.2. Definición e alcance

O punto de acceso de institucións está contemplado en todas as normas internacionais, aínda que tanto a definición como o alcance difiren dunhas a outras.

Para a *ISAAR (CPF)* unha institución é unha organización ou grupo de persoas, identificado por un nome propio e que actúa ou pode actuar como unha entidade. Pode incluír a unha persoa individual que actúe como persoa xurídica. Destácase o concepto de entidade como axente produtor, segundo se expresa na finalidade da norma: “Esta norma serve de guía para elaborar rexistros de autoridade de arquivos que achegan descrições de entidades (institucións, persoas e familias) asociadas á produción e a xestión de Arquivos” (1.1 p. 8).

Segundo o *MCDA*, unha institución é unha organización ou grupo de persoas identificado por un nome propio e que actúa, ou pode actuar, como unha entidade, ou ben un cargo institucional desempeñado por unha persoa (26 p. 77). Ademais, o *MCDA* considera que as institucións son axentes, é dicir, suxeitos que crean, producen e xestionan documentos de arquivo (26 p. 16).

Inclúen:

#### **Institucións con ou sen personalidade xurídica propia recoñecida.**

Exemplos:

*Nome da institución:* Xunta de Galicia

*Nome da institución:* Axencia Tributaria de Galicia

### **Institucións subordinadas a outras institucións.**

Exemplos:

*Nome da institución:* Xefatura Territorial de Cultura e Turismo da Coruña

*Nome da institución:* Delegación da Coruña do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

### **Institucións internacionais**

Inclúense as institucións intergubernamentais ou non gubernamentais

Exemplos:

*Nome da institución:* Axencia Europea de Control da Pesca

### **Institucións con potestades públicas.**

Trátase de institucións que exercen potestades públicas: gobernativas, lexislativas e xudiciais, en calquera tipo de área xurisdiccional<sup>1</sup> (federación, estado, rexión, comunidade autónoma, provincia, municipio, etcétera, incluídas as sedes diplomáticas, delegacións, misión ou comisión dos distintos países).

Exemplos:

*Nome da institución:* Parlamento de Galicia

*Nome da institución:* Concello de Monforte de Lemos

### **Institucións militares**

Institucións militares regulares (permanentes en tempos de paz e guerra: organismos, mandos e unidades pertencentes ás Forzas Armadas e os seus tres exércitos), ou irregulares (formadas ocasionalmente para unha campaña bélica ou obxectivo concreto, tropas irregulares, mercenarios, milicianos, forzas paramilitares, etcétera).

Exemplos:

*Nome da institución:* Escola Naval Militar de Marín

### **Casas reais, institucións señoriais, feudais, nobiliarias, etc.<sup>2</sup>**

Exemplos:

*Nome da institución:* Casa da Veiguiña

## **Cargos institucionais e institucións unipersoais**

Inclúense os cargos institucionais, tanto os que corresponden a unha organización multipersoal, como os que constitúen por si mesmos a institución, é dicir, as institucións unipersoais.

Exemplos:

*Nome da institución:* Valedor do Pobo

*Nome da institución:* Conselleiro de Cultura e Turismo

No caso de institucións unipersoais, non debe confundirse a institución coa oficina ou entidade onde se desempeña o cargo ou actividade xurídica. Tampouco coa área xurisdiccional.

Exemplo:

*Nome da institución:* Corrixidor de Viveiro

*e non Corriximento de Viveiro*

## **Institucións de carácter social, laboral e profesional, comercial, económico e financeiro, sanitario, educativo, cultural ou recreativo.**

Recóllense aquí as irmandades, asociacións de todo tipo, partidos políticos, sindicatos, colexios profesionais, cooperativas, mutualidades, comunidades de propietarios, minas, fábricas, industrias, explotacións agrícolas e gandeiras, entidades relacionadas co sector servizos, bancos e entidades financeiras, clínicas e hospitais, bibliotecas, arquivos e museos, colexios, clubs de fútbol, etc.

Exemplos:

*Nome da institución:* Sociedade Económica de Amigos do País de Lugo

*Nome da institución:* ASTANO

*Nome da institución:* Biblioteca da Fundación Penzol

*Nome da institución:* Banco Pastor

## **Institucións relacionadas co transporte, as comunicación e a navegación espacial**

Ademais, quedan incluídos nesta categoría os barcos, trens, avión ou naves espaciais con nome propio ou as súas agrupacións (frotas, frotiñas, escuadróns, etc.)

Exemplos:

*Nome da institución:* Autoridade Portuaria de Vigo

*Nome da institución:* Aeroporto de Santiago de Compostela

*Nome da institución:* Bernardo Alfageme (barco pesqueiro)

### **Institucións relacionadas cos medios de comunicación social**

Trátase de editoriais, xornais e revistas, radio, cine, televisión, axencias de prensa, sitios web, etc.

Exemplos:

*Nome da institución:* La Ilustración gallega y asturiana (revista)

*Nome da institución:* Kalandraka (editorial)

### **Institucións relacionadas coa produción artística e intelectual**

Son os grupos musicais, compañías de danza ou teatro, produtoras cinematográficas ou calquera outra que produza un traballo colectivo desta natureza.

Exemplos:

*Nome da institución:* Aerolíneas Federales (grupo musical)

### **Institucións relixiosas**

Inclúe as institucións relixiosas de calquera igrexa ou confesión.

Exemplos:

*Nome da institución:* Mosteiro de Samos

*Nome da institución:* Convento de Santo Domingo de Bonaval

### **Institucións temporais**

Institucións de carácter temporal tanto as relacionadas coas administracións públicas coma as de calquera outro tipo: asembleas constituíntes, lexislaturas, sesións das cámaras lexislativas, comisións, xuntas, comités, congresos, reunións, asembleas, concilios, conferencias e coloquios, expedicións, exposicións, concursos, competicións, feiras e festivais. Considéranse institucións posto que se refiren a unha organización ou grupo de persoas identificadas por un nome propio que actúa ou pode actuar como unha unidade (14 p.9 e 33 p. 113).

Exemplos:

*Nome da institución:* Congreso Interamericano de Municipios

*Nome da institución:* Xornadas Médicas Galegas

*Nome da institución:* Xogos Florais da Coruña

**Conxunto de persoas que actúan ou poden actuar como unha unidade nun plan, programa, proxecto, operación, etcétera.**

De igual maneira, neste caso, aplicarase o exposto no apartado anterior, posto que se refiren a unha organización ou grupo de persoas identificado por un nome propio que actúa como unha unidade.

Exemplo:

*Nome da institución:* Proxecto Xenoma Humano

*Nome da institución:* Proxecto ARPAD

### **1.3. Fontes de información**

Para determinar cal é o nome da institución a partir do cal se constituirá a *Forma autorizada do nome*, pódense consultar as seguintes fontes de información:

- O documento ou documentos de arquivo que se están a describir
- Lexislación e outras fontes oficiais: ordes, regulamentos, rexistros oficiais, estatutos, ordenanzas, etc.
- Publicacións e/ou documentos emanados da propia institución.
- Obras de referencia, monografías especializadas e ficheiros de autoridade<sup>3</sup>.

Dado o número de fontes bibliográficas existentes, a selección das mesmas deixarase ao criterio dos responsables da redacción de puntos de acceso, os cales valorarán a súa idoneidades en relación co obxecto de descrición.

### **1.4. Elección do nome e formalización**

Este apartado ten como obxectivos: achegar, en primeiro lugar, regras e/ou recomendacións para determinar que nome de institución é o máis axeitado para representala; e, en segundo lugar, facilitar regras e/ou recomendacións para a construción e formalización propiamente dita da *Forma autorizada do nome de institución*

### **1.4.1. Regra xeral**

Recollerase unha soa Forma autorizada do nome para cada institución, que deberá conter todos aqueles elementos necesarios para a unívoca identificación da mesma. Calquera outra forma pola que sexa coñecida a institución poderase recoller en *Outra(s) forma(s) do nome ou en Forma(s) paralela(s) do nome*<sup>4</sup>.

O punto de acceso normalizado encabezarase polo nome da institucións (legal ou oficial, ou convencional) redactado en orde directa.

Para os cargos institucionais e institucións unipersoais, seguiranse as mesmas regras e/o recomendacións que para o resto das institucións.

#### **1.4.1.1. Compoñentes**

Os compoñentes a partir dos que se construíra o punto de acceso normalizado ou *Forma autorizada do nome* son:

- O nome da institución
- O nome da área xurisdicional
- O nome da(s) institución(s) superior(es)

O nome da área xurisdicional, as institucións superiores e os cualificadores utilizaranse na medida en que sexan necesarios para unha correcta identificación da institución ante supostos de homonimia, nomes xenéricos, subordinación a unha institución superior, etc.

Se teñen unha área xurisdicional sobre a que actúan incluíramola, cando fose oportuno, entre parénteses como un cualificador de lugar.

Exemplo:

*Forma autorizada do nome:* Ministerio de Educación e Cultura (España)

##### **1.4.1.1. 1. Nome da institución**

Cando o punto de acceso está constituído só polo nome da institución, a elección da *Forma autorizada do nome* farase como segue:

###### **1.4.1.1.1.A. Unha soa forma do nome**

Se a institución só presenta un nome en todas as fontes de información consultadas, recollerase este como Forma autorizada do nome.

Á hora da construción e formalización do punto de acceso normalizado poden darse os seguintes casos:

### **- Artigo ao comezo do nome**

O artigo manterase ao principio da Forma autorizada do nome da institución cando forme parte inherente do dito nome ou constitúa a primeira parte do nome dunha persoa ou lugar que pola súa vez son o primeiro termo do nome legal ou oficial da institución. Omitirase en todos os demais casos.

Exemplos:

*Forma autorizada do nome:* La Artística (estudo fotográfico, A Coruña, España)

*Forma autorizada do nome:* La Espiga de Oro (panadaría, Lugo, España)

*Forma autorizada do nome:* La Conchita (fábrica de fariñas, O Corgo, Lugo, España)

### **- Siglas e abreviaturas**

1-Únicamente as siglas indicativas do réxime legal da institución, tales como S.A., S.L., etc, manteranse como parte integrante do nome, para evitar confusión no caso das empresas e cando van ao final.

Formalizaranse en maiúscula, separadas por coma despois do nome, con punto despois de cada letra e sen separación entre elas.

Exemplos:

*Forma autorizada do nome:* La Monfortina, S.A. (fábrica de alcoholes, Monforte de Lemos, Lugo, España)

2-Nos outros casos, as abreviaturas desenvolveranse sempre, non sendo necesario facer unha entrada coa forma abreviada en *Outra forma do nome*.

Exemplos:

*Forma autorizada do nome:* Viuda de Domínguez (madeireira)

*e non Forma autorizada do nome:* Vda. de Domínguez (madeireira)

*e non Outra forma do nome:* Vda. de Domínguez (madeireira)

3-As siglas que non fan referencia ao réxime legal desenvolveranse en *Forma autorizada do nome*.

Exemplos:

*Forma autorizada do nome:* Construcciones y Reformas Salgado S.L.

*Otra forma do nome:* CRS Salgado S.L.

*Forma autorizada do nome:* Construcciones Ramón Carro Obras y Servicios, S.L.

*Otra forma do nome:* CRC Obras y Servicios, S.L.

#### **- Títulos honoríficos**

Os títulos honoríficos non se incluírán na *Forma autorizada do nome* a non ser que formen parte inherente do nome legal ou oficial da institución.

Exemplos:

*Forma autorizada do nome:* Concello de Ourense

*e non* Excelentísimo Concello de Ourense

pero

*Forma autorizada do nome:* Real Academia Galega

*e non* Academia Galega

#### **- Excepcións**

Se hai un nome convencional consolidado polo uso nos documentos de arquivo, obras de referencia e monografías especializadas, que non inclúa os títulos honoríficos, aínda que estes formen parte do nome legal ou oficial da institución, escollerase dito nome convencional como a *Forma autorizada do nome* (véxase o punto 1.4.1.1.B). As formas non autorizadas do nome da institución poderanse recoller en *Otra(s) forma(s) do nome*.

Exemplos:

*Forma autorizada do nome:* Consejo de Indias

*Otra forma do nome:* Real y Supremo Consejo de Indias

*Forma autorizada do nome:* Intendencia de Galicia

*Otra forma do nome:* Real Intendencia de Galicia

No caso das institucións relixiosas como irmandades e confrarías, cuxos nomes oficiais poden incluír bastantes títulos (Real, Ilustre, Venerable, Fervorosa, Antiga, etc.), eliminaranse os tratamentos. No en tanto, evitarase sempre utilizar as vulgarizacións na *Forma autorizada do nome*.



Exemplo:

*Forma autorizada do nome:* Seminario de Santa Catalina (Mondoñedo, Lugo, España)

*Outra forma do nome:* Real Seminario Conciliar de Santa Catalina (Mondoñedo)

*Outra forma do nome:* Santa Catalina (Mondoñedo, España)

#### **1.4.1.1.1.B. Varias formas simultáneas do nome**

Se nos documentos de arquivo e nas fontes de información consultadas para a elección do nome da institución aparecen diferentes formas do mesmo usadas simultaneamente, seguiranse as seguintes regras:

##### **- Varias formas do nome**

Rexistrarase como *Forma autorizada do nome:*

a) En primeiro lugar o nome legal ou oficial, a menos que haxa un nome convencional consagrado polo uso nos documentos de arquivo e/ou nas obras de referencia e monografías especializadas. As formas do nome non autorizadas poderanse recoller en Outra(s) forma(s) do nome.

Exemplos:

*Forma autorizada do nome:* Consejo de Inquisición

*Outro forma do nome:* Consejo de la Suprema y General Inquisición

*Forma autorizada do nome:* Real Audiencia de Galicia<sup>5</sup>

*Forma autorizada do nome:* Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Ribadeo

*Outra forma do nome:* Xulgado de Primeira Instancia de Ribadeo

b) Se hai máis dun nome legal ou oficial escollerase o predominante, por esta orde:

1. Nas publicacións e/ou documentos de arquivo emanados da propia institución.
2. Nas obras de referencia e monografías especializadas sobre a institución.

Se non hai un nome que predomine sobre os demais, usarase o nome máis completo, realizando as referencias oportunas ao resto dos nomes da institución en *Outra(s) forma(s) do nome*.

c) Nas institucións relixiosas, utilizarase sempre o nome legal ou oficial por moi coñecido e popular que sexa calquera outro. Os demais nomes poderanse recoller en *Outra(s) forma(s) do nome*.

#### **- Acrónimos**

Cando o nome dunha institución aparece baixo un acrónimo, este desenvolverase sempre. O acrónimo poderase recoller en *Outra(s) forma(s) do nome*, consignándose en maiúsculas cada unha das letras do mesmo e suprimíndose os puntos e espazos entre estas.

Exemplos:

*Forma autorizada do nome:* Fuerzas Eléctricas del Noroeste, S.A.

*Outra forma do nome:* FENOSA

#### **1.4.1.1.1.C. Varios nomes sucesivos: cambios de nome**

Cando unha institución cambia de nome legal ou oficial ao longo do tempo, a fonte de información principal para determinar se se trata dun simple cambio de nome ou se nos atopamos ante unha institución distinta a outra anterior é a propia normativa reguladora de dita institución, é dicir, aquelas normas que establecen a creación, supresión ou cambio de nome.

Nos casos dunha institución que tivese simples cambios de nome ao longo do tempo, elaborárase a Forma autorizada do nome a partir do último nome desta. Poderanse recoller en *Outra(s) forma(s) do nome* os nomes anteriores que tivese dita institución.

Exemplos:

*Forma autorizada do nome:* Audiencia Territorial da Coruña

*Outra forma do nome:* Real Audiencia da Coruña

*Forma autorizada do nome:* Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario

*Outra forma do nome:* Academia Provincial de Belas Artes da Coruña

Nos casos nos que a normativa estableza a creación ou supresión, consideraranse institucións diferentes, cambiasen ou non de nome, elaborándose para cada institución unha *Forma autorizada do nome*.

Exemplos:

*Forma autorizada do nome:* Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo

*Outra forma do nome:* Universidade Popular de Vigo

*Outra forma do nome:* Escola de Artes e Oficios de Vigo

No en tanto, cando a normativa restablece unha institución previamente suprimida nos mesmos termos, competencia e réxime xurídico que tiña a anterior, considerarase a mesma institución, e redactarase un só punto de acceso para ela.

#### **1.4.1.1.2. Nome da área xurisdiccional**

Cando a zona xeográfica sobre a que exerce as súas funcións unha institución non forma parte do nome, consignarase como cualificador de lugar.

Exemplos:

*Forma autorizada do nome:* Consellería de Educación (Galicia, España), e non Galicia (España). Consellería de Educación

*Forma autorizada do nome:* Concello de Vigo (Pontevedra, España)

#### **1.4.1.1.3. Nome da institución superior**

Cando a institución que esteamos a indexar estea subordinada a outra superior xerarquicamente, o punto de acceso normalizado poderá estar composto por máis dun nome. Estes irán separados entre eles por punto e un espazo, en orde xerárquica decrecente. Só se incluírán todos os niveis xerárquicos intermedios cando sexa imprescindible para a correcta identificación da institución subordinada.

#### **-Institución subordinada identificada de forma unívoca**

O punto de acceso normalizado redactarase usando o nome da entidade subordinada, salvo nos casos indicados máis abaixo. As referencias a institucións ou institucións superiores recolleranse en *Outra(s) forma(s) do nome*.

Exemplo:

*Forma autorizada do nome:* Arquivo do Reino de Galicia (A Coruña, España, 1775-)

*Outra forma do nome:* Xunta de Galicia. Arquivo do Reino de Galicia

### - Institución subordinada non identificada de forma unívoca

Encabazarase o punto de acceso normalizado polo nome da institución superior, obviando as institucións intermedias:

- Cando exista homonimia con outras institucións e o uso de cualificadores non sexa suficiente para desfacela ou identificala plenamente, o punto de acceso normalizado crearase tomando como termo inicial unicamente a institución superior que identifique a subordinada de forma unívoca.
- Cando o nome da entidade subordinada sexa un nome xenérico que requira utilizar o da entidade superior para a súa comprensión.
- Cando o nome da institución subordinada recolla algún termo que indique que é parte doutra (departamento, división, sección, área, etcétera) ou implique unha subordinación administrativa (comité, comisión, ou unha subdivisión xeográfica, cronolóxica, numérica ou alfabética) e non se identifique por si mesmo.
- Cando a institución subordinada teña un nome que non dea idea de que se trata dunha institución.

Os cualificadores de lugar ou data que sexa necesario indicar colocaranse ao final da secuencia formada pola institución superior e a subordinada.

Exemplos:

*Forma autorizada do nome:* Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Turismo. Xefatura Territorial da Coruña (2019-)

*Forma autorizada do nome:* Dirección General de Bellas Artes. Comisión del Patrimonio Histórico-Artístico de Santiago de Compostela (1971-1982)

#### 1.4.1.1.4. Cualificadores<sup>6</sup>

Os cualificadores son calquera termo ou frase unidos ao nome de institución para desfacer homonimias e axudar á correcta identificación cando o nome da mesma en por si non o poida desfacer. Consignaranse os estritamente necesarios para este fin. Irán entre parénteses e separados entre eles por coma e un espazo.

Os cualificadores redactaranse en galego, aínda que o nome da institución estea noutra lingua, salvo nos casos de cualificadores de lugar que se formalizarán de acordo co establecido nos puntos 1.4.1.2.1 e 1.4.1.2.2 desta *Norma*.

Os cualificadores poden ser:

## - De actividade

Escribiranse sempre en minúscula e en singular os cualificadores de actividade.

Empregarase este cualificador cando do nome da institución non se deduza con claridade a actividade que exerce ou existe homonimia e sempre que se saiba de forma fidedigna.

No caso de persoas constituídas como empresas que non teñen marca comercial coñecida, o nome indícarase en orde directa seguido do cualificador de actividade.

Exemplos:

*Forma autorizada do nome:* Alcoa (fábrica de aluminio)

*Forma autorizada do nome:* Manuel Castro Domínguez (librería)

*Forma autorizada do nome:* Julio Castro Rivas (farmacia) – *entidade Institución e non*  
Castro Rivas, Julio (farmacéutico) – *entidade Persoa*

*Forma autorizada do nome:* Germán Valle Chao (café-bar)

*Forma autorizada do nome:* Viuda de Francisco Eimil (tenda de ultramarinos)

## - De lugar

Utilizarase para indicar o lugar onde se localiza a sede dunha institución ou o país ao que pertence dito lugar, ou ben para indicar o país ou área onde desenvolve as súas funcións ou a súa actividade, se se considera necesario para a súa correcta identificación. No caso de España, se é pertinente, indícarase a localidade, provincia e país, salvo que a localidade sexa a capital da provincia e homónima con esta. No caso de institucións estranxeiras ou españolas no estranxeiro, consígnase a localidade e o país.

Os nomes xeográficos escribíranse con letra inicial maiúscula.

Empregaremos os imprescindibles e unicamente aqueles que sexan indubidables.

Exemplos:

*Forma autorizada do nome:* Restaurante Manso (Santiago de Compostela, A Coruña, España)

*Forma autorizada do nome :* Instituto Cervantes (Tokio, Xapón)

*Forma autorizada do nome:* La Fuente (fábrica de calzado, Lugo, España)

*Forma autorizada do nome:* La Panificadora (fábrica de fariñas, Vigo, Pontevedra, España)

*Forma autorizada do nome:* Consulado de Venezuela (Vigo, España)

#### **- De data**

Utilízanse para indicar as datas de existencia da institución (creación e/ou supresión) ou ben aquelas que poidamos coñecer polos documentos de arquivo ao non ser posible determinar as anteriores, consignándose unicamente os anos e os séculos.

Só se consignará cando a coñezamos con seguridade e en casos de relevancia ou casos de homonimia:

Se se trata de datas extremas, a separación deberá ir marcada por un guión “-” e sen espazos. No caso de institucións vixentes, unicamente se porá a data de creación seguida dun guión “-” e sen espazos.

No caso de que as datas non sexan exactas ou non teñamos certeza diso, incluíranse as seguintes abreviaturas:

- “ca.” (*circa*) para indicar que constitúe unha data aproximada. Colocarase diante da data á que se refire sen espazos.

.“?” para indicar que constitúe unha data probable ou dubidosa. Colocarase detrás da data á que se refire sen espazos.

Os séculos formalizaranse con números romanos, que irán en maiúsculas, precedidos pola abreviatura “s.” en minúscula e separada por un espazo. No caso de intervalos de séculos, sinalaranse estes períodos separados por un guión “-” e sen espazos.

Se son necesarios máis dun cualificador, a orde dos mesmos será: actividade, lugar e data.

#### **1.4.1.2. Lingua, escritura e grafía**

Canto á lingua do nome dunha institución, preferirase:

a) No caso de institucións cuxo ámbito comprenda todo o Estado, preferirase o castelán para redactar a *Forma autorizada do nome*; se existe un uso habitual ou convencional en galego rexistrarse como *Forma paralela do nome*.

Exemplo:

*Forma autorizada do nome:* Fiscalía General del Estado (España)

*Forma paralela do nome:* Fiscalía Xeral do Estado (España)

*Forma autorizada do nome:* Ministerio de Hacienda (España)

*Forma paralela do nome:* Ministerio de Facenda (España)

b) Noutros casos, se o nome legal ou oficial está en varias linguas oficiais e unha é o idioma galego, consígnase o galego como *Forma autorizada do nome*. A forma en español consígnase como *Forma paralela do nome*.

Exemplo:

*Forma autorizada do nome:* Gobierno Civil de Pontevedra (España)

*Forma paralela do nome:* Gobierno Civil de Pontevedra (España)

c) No caso de institucións galegas ou do territorio de Galicia, rexístrase o nome en galego na *Forma autorizado do nome* e o nome en castelán na *Forma paralela do nome*.

Exemplos:

*Forma autorizada do nome:* Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Turismo

*Forma paralela do nome:* Junta de Galicia. Consejería de Cultura y Turismo

*Forma paralela do nome:* Concello de Cambados (Pontevedra, España)

*Forma paralela do nome:* Ayuntamiento de Cambados (Pontevedra, España)

d) No caso doutras comunidades autónomas con varias linguas oficiais, escóllerase a lingua propia como *Forma autorizada do nome*. Rexístranse as formas en galego e en español en *Forma(s) paralela(s) do nome*:

Exemplos:

*Forma autorizada do nome:* Xunta de Galicia

*Forma paralela do nome:* Junta de Galicia

*Forma autorizada do nome:* Arabako Biltzar Nagusiak

*Forma paralela do nome:* Juntas Generales de Álava

*Forma paralela do nome:* Xuntas Xerais de Áraba

*Forma autorizada do nome:* Generalitat de Catalunya

*Forma paralela do nome:* Generalidad de Cataluña

*Forma paralela do nome:* Xeneralidade de Cataluña

e) No caso de institucións estranxeiras, respectarase o nome legal ou oficial dunha institución. No en tanto, se existe un nome convencional consolidado en galego, elixirase este como *Forma autorizada do nome*. O nome legal ou oficial da institución na súa lingua vernácula e en castelán recolleranse en *Forma(s) paralela(s) do nome*:

Exemplos:

*Forma autorizada do nome*: Museo do Louvre (París, Francia)

*Forma paralela do nome*: Museo del Louvre (París, Francia)

*Forma paralela do nome*: Musée du Louvre (Paris, Francia)

*Forma autorizada do nome*: Arquivos Nacionais (Washington, Estados Unidos)

*Forma paralela do nome*: Archivos Nacionales (Washington, Estados Unidos)

*Forma paralela do nome*: National Archives (Washington, Estados Unidos)

*Forma autorizada do nome*: Consello Internacional de Arquivos (París, Francia)

*Forma paralela do nome*: Consejo Internacional de Archivos (París, Francia)

*Forma paralela do nome*: International Council on Archives (París, Francia)

Os topónimos asociados aos nomes de institucións españolas e estranxeiras consignaranse na súa lingua orixinal cando a forma do nome se escriba nesa mesma lingua.

Exemplos:

*Forma autorizada do nome*: Archivo Histórico Provincial de Las Palmas

*e non* Archivo Histórico Provincial das Palmas

*Forma paralela do nome*: Arquivo Histórico Provincial de Las Palmas

*e non* Arquivo Histórico Provincial das Palmas

Igualmente, para nomes árabes, latinos, gregos, hebreos, etcétera, que teñan un nome convencional consolidado en galego, elixirase este como *Forma autorizada do nome*. O resto poderase recoller en *Outras forma(s) do nome*

Os nomes que non aparezan en alfabeto latino transliteraranse segundo as normas ISO.

As grafías actualizaranse á ortografía actual. Se fose necesario manter un punto de acceso coa grafía orixinal, poderase recoller en *Outras forma(s) do nome*.



Respectaranse os signos especiais de cada lingual (diéreses, apóstrofes, guións, etc.), aínda cando sexan resultado dunha transliteración, así como os signos de puntuación, marcas diacríticas e signos alfabéticos que formen parte do nome da institución. A colocación destes elementos seguirá as normas ortográficas vixentes en cada lingua.

Respecto ao uso de maiúsculas e minúsculas, seguiranse igualmente os criterios determinados pola regras ortográficas vixentes en cada lingua. Escríbanse con letra inicial maiúscula os nomes de persoa, os nomes de lugares, os títulos honoríficos, as advocacións, as ordes relixiosas, cada unha das letras dos acrónimos, siglas e numeración romana, tanto no primeiro elemento do punto acceso como nos cualificadores.

## **1.4.2. Regras específicas**

### **1.4.2.1. Institucións relixiosas**

#### **1.4.2.1. Entidades da Igrexa Católica**

##### **- Seculares**

O primeiro elemento do punto de acceso normalizado será o nome da propia institución seguido do cualificador de lugar correspondente. No caso de organismos seculares superiores ou iguais a dioceses, o único cualificador de lugar será o país. A forma autorizada redactarase en galego e farase tamén unha forma paralela co nome da institución en español.

Exemplos:

*Forma autorizada do nome:* Arquiocese de Santiago de Compostela (España)

*Forma paralela do nome:* Archidiócesis de Santiago de Compostela (España)

*Forma autorizada do nome:* Diocese de Mondoñedo-Ferrol (España)

*Forma paralela do nome:* Diócesis de Mondoñedo-Ferrol (España)

Cando o organismo sexa unha institución de nivel inferior á diocese, indicarse o concello, a provincia e o país.

Exemplos:

*Forma autorizada do nome:* Parroquia de Santa María de Darbo (Cangas, Pontevedra, España)

*Forma autorizada do nome:* Parroquia de Santa María da Allonca (A Fonsagrada, Lugo)

*Forma autorizada do nome:* Arciprestado de Iria Flavia (Padrón, A Coruña, España)

*Forma paralela do nome:* Arciprestazgo de Iria Flavia (Padrón, A Coruña, España)

#### **- Regulares: ordes, congregacións e sociedades relixiosas**

O nome dunha institución regular consignarase en galego, en orde directa e comezando pola súa advocación<sup>11</sup>. Para o nome en castelán, poderase facer outra entrada en *Forma(s) paralela(s) do nome*.

Exemplos:

*Forma autorizada do nome:* Mosteiro de Santa María de Aciveiro (Forcarei, Pontevedra, España)

*Forma paralela do nome:* Monasterio de Santa María de Aciveiro (Forcarei, Pontevedra, España).

*Forma autorizada do nome:* Convento de Santa María de Belvís (Santiago de Compostela, A Coruña, España)

#### **- Concilios, sínodos e asembleas**

No caso de concilios, sínodos e asembleas da Igrexa Católica, o primeiro elemento do punto de acceso normalizado será o nome do concilio, sínodo ou asemblea redactado en galego, incluíndo nos cualificadores o número de orde, se o ten, en ordinal arábigo, e a data ou datas de existencia.

Exemplo:

*Forma autorizada do nome:* Concilio Vaticano (2º, 1962-1965)

##### **1.4.2.1.2. Institucións relixiosas doutras igrexas ou confesións**

Seguiranse as mesmas regras que para a Igrexa Católica.

##### **1.4.2.2. Institucións temporais**

No caso de congresos, reunións, asembleas, conferencias e coloquios, expedicións, exposicións, concursos, competicións, feiras e festivais, construíranse e formalizaranse co nome da institución, facendo constar nos cualificadores o número de orde, se o ten, en ordinal arábigo, a data ou datas, e lugar.

No en tanto, cando o nome legal ou oficial do congresos, asemblea, etcétera, inclúa o da entidade organizadora, o punto de acceso normalizado iniciarase co nome desta, seguido do correspondente termo xenérico que irá separado por un punto e espazo.

Exemplo:

*Forma autorizada do nome:* Conferencia de Archiveros de las Universidades Españolas. Xornada (23º, 2017, A Coruña, España)

No caso de que unha institución sexa regular e constante no tempo non será necesario engadir os cualificadores, por exemplo no caso das comisións de festas que anualmente se celebran no mesmo lugar e polas mesmas datas.

Exemplo:

*Forma autorizada do nome:* Comisión de festas do Castiñeiriño (Santiago de Compostela, A Coruña, España).

No caso de comités, comisións e xuntas mixtos, o punto de acceso normalizado encabezarase polo nome do comité, comisión ou xunta, seguido das institucións representadas polos mesmos, separadas por barra “/” e sen espazos.

Exemplo:

*Forma autorizada do nome:* Comisión Mixta de Transferencias Administración do Estado/Comunidade Autónoma de Galicia

Pola contra, no caso de comités, comisións e xuntas que non teñan composición mixta, o punto de acceso normalizado formalizarase de acordo á Regra xeral.